

AUTOAVALIACIÓN TEMA 5 CC.SS. OS SECTORES ECONÓMICOS

1- Que sector obtén os recursos directamente da natureza, sen ningún tipo de transformación?

- a) O sector primario.
- b) O sector secundario.
- c) O sector terciario.

2- Que sector ten coma obxectivo prestar servizos á poboación?

- a) O sector primario.
- b) O sector secundario.
- c) O sector terciario.

3- Cal é o sector que se dedica a transformar os produtos extraídos da natureza?

- a) O sector primario.
- b) O sector secundario.
- c) O sector terciario.

4- Dos seguintes produtos agrícolas cales son característicos da agricultura de secano en España?

- a) O arroz e o algodón.
- b) As hortalizas e as árbores frutais.
- c) Os cereais (especialmente o trigo), a vide e a oliveira.

5- Á pesca que se practica diariamente, cerca do litoral, chámasele:

- a) Pesca de altura.
- b) Pesca de baixura.
- c) Pesca de gran altura.

6- Como se chama a pesca que se leva a cabo lonxe do litoral, en alta mar?

- a) Pesca de altura.
- b) Pesca de gran altura.
- c) Pesca de baixura.

7- Que é a silvicultura?

- a) É unha técnica moderna de agricultura intensiva.
- b) É unha técnica de pesca.
- c) É o cultivo dos bosques e recursos forestais.

8- As grandes áreas industriais do mundo danse en:

- a) Estados Unidos, a Unión Europea e Xapón.
- b) Corea do Sur, China, Singapur e Taiwán.
- c) África e Australia.

9- O comercio que se desenvolve dentro das fronteiras dun mesmo país chámase:

- a) Comercio nacional.
- b) Comercio interior.
- c) Comercio exterior.

10- Que é o comercio exterior?

- a) O comercio que se establece entre distintas comunidades autónomas.
- b) O comercio que se produce entre países.
- c) O comercio que se da entre un país da Unión Europea con outro de fóra da C.E.E.

11- Une cada tipo de gandería co animal que se cria:

Gandería ovina	Porcos
Gandería bovina	aves
Gandería porcina	Ovellas ou carneiros
Gandería aviaria	Vacas, touros ou bois

12- Clasifica as seguintes actividades segundo o sector económico ao que pertencen:

Minaría industria silvicultura gandaría turismo transporte servizos

agricultura pesca comercio piscicultura Administración pública

SECTOR PRIMARIO	SECTOR SECUNDARIO	SECTOR TERCIARIO

13- Di se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:

- O turismo é a actividade pola que as persoas viaxan a un lugar no que non residen e regresan no mesmo día.
- España percibe o 15% dos seus ingresos anuais da actividade turística.
- España recibe a visita de decenas de millóns de persoas doutros países, que buscan o bo clima, a beleza dos espazos naturais e as posibilidades culturais que ofrecen as cidades.
- En 2014 España foi o primeiro país do mundo que máis turistas recibiu. Foron 60 millóns de persoas.
- En Europa a cifra anual de turistas ascende a máis de 500 millóns.

14- Une cada axente económico coa súa definición:

Empresas	Usan recursos e traballo humano para producir bens e servizos
Familias	Establece as normas que regulan o comportamento das empresas e o consumo das familias, e recibe os impostos que pagan empresas e familias.
Estado	Perciben uns ingresos polo seu traballo e destínanos a gasto, ou ben gárdanos, xerando un aforro.

15- Que tipo de necesidades presenta a poboación? Marca as respostas correctas:

- Necesidades básicas.
- Necesidades de diversión.
- Necesidades secundarias.
- Necesidades terciarias.